



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O **Diario Oficial de Galicia (DOG)** de hoxe vén de publicar a convocatoria de axudas da Axencia Galega de Innovación (GAIN) para a creación, posta en marcha e consolidación de **Unidades Mixtas de Investigación** correspondente ao ano 2016. Grazas ás dúas convocatorias anteriores téñense constituído xa 17 unidades deste tipo.

O obxectivo desta convocatoria é **crear e consolidar grupos mixtos de traballo entre organismos de investigación e empresas** que se convertan en catalizadores do desenvolvemento de liñas de I+D+i desenvolvendo **proxectos de alto impacto intensivos en coñecemento**. Deste xeito, perséguese **pór en valor grupos de investigación; aproximar os organismos de investigación á empresa; atraer cara Galicia liñas de I+D+i e incentivar a transferencia de resultados de I+D+i ao mercado**.

Poden solicitar estas axudas as **agrupacións entre un organismo de investigación de Galicia e unha empresa** que teñan constituído unha unidade mixta de investigación para o desenvolvemento de forma conxunta e coordinada de actividades de I+D+i durante un período mínimo de 3 anos. Considéranse organismos de investigación susceptibles de ser beneficiarios desta convocatoria os **centros tecnolóxicos e de apoio á innovación de Galicia, as universidades do Sistema Universitario de Galicia, os centros en Galicia do CSIC e do IEO, as fundacións de investigación sanitaria e outros organismos de investigación**. Ademais, as unidades mixtas deberán ter sede propia, un orzamento mínimo de 2 millóns de euros para un período de 3 anos e estar centradas nunha área de investigación que esté aliñada cos **retos e prioridades da RIS3**.

A dotación total da convocatoria ascende a **5 millóns de euros** a distribuír en catro anualidades, 2016-2019. O importe máximo de cada unha das axudas será de **1,5 millóns de euros e a intensidade media sitúase no 30% do orzamento total da unidade**. Estas axudas están cofinanciadas no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.